

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PORTO DO SON

Acordo de concesión definitiva de becas a deportistas individuais do Concello de Porto do Son no ano 2022

ANUNCIO

Por Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 14 de xuño de 2022, acordouse aprobar a concesión definitiva das becas a deportistas individuais do Concello de Porto do Son no ano 2022, que se transcribe co seguinte teor literal:

“EXPEDIENTE 321/2022. CONCESIÓN DEFINITIVA DE BECAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE PORTO DO SON NO ANO 2022.

Antecedentes

Vista a Ordenanza aprobada polo Pleno na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 08/07/2021, pola que se establecen as bases reguladoras para o outorgamento de becas para deportistas individuais do Concello de Porto do Son (BOP núm. 172 do 09/09/2021).

Vista a convocatoria das becas publicada no BOP núm 57, do 24/03/2022, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (núm. Convocatoria 616128).

Visto o Acordo da Xunta de Goberno Local do 19/05/2022 polo que se aproba a concesión provisional de becas, publicada no BOP núm. 99 do 26/05/2022.

Visto o informe do órgano instructor coa proposta de concesión definitiva das axudas do día 10/06/2022 e o certificado de secretaría coa mesma data de que non constan presentadas alegacións á proposta provisional.

A intervención emitiu informe núm. 2022-0177 de fiscalización previa limitada das fases DO o día 13/06/2022.

Considerando o establecido na base 8ª da convocatoria para a concesión definitiva das subvencións, e segundo o disposto na base 9ª da convocatoria en relación co previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para o pagamento da subvención.

Visto canto antecede, **ACORDAR:**

Primeiro.- Aprobar a concesión definitiva das becas para deportistas individuais do Concello de Porto do Son, aos seguintes beneficiarios e polos seguintes importes:

N.º rex.	Beca	Puntuación	Importe	Desconto (15% IRPF)	Importe líquido
1702	A	117	2.500,00 €	375,00 €	2.125,00 €
1517	B	12	375,00 €	56,25 €	318,75 €
1554	B	10	312,50 €	46,88 €	265,62 €
625	B	10	312,50 €	46,88 €	265,62 €
1637	C	10	340,90 €	51,14 €	289,76 €
1461	C	34	1.159,06 €	173,86 €	985,20 €

Segundo.- Denegar a axuda ás seguintes persoas solicitantes polo motivo exposto:

N.º rex.	Beca	Puntuación	Importe	Motivo denegación
1636	C	4	0,00 €	Non acada a puntuación mínima, segundo a base 5, epígrafe 2.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no BOP, segundo o establecido na base 8ª da convocatoria, así como no taboleiro da sede electrónica do Concello.

Cuarto.- Imputar os gastos derivados do recoñecemento das obrigas correspondentes á aplicación orzamentaria 341.48000 e ordear o seu pagamento coa data de publicación no BOP.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao Instrutor e aos departamentos de Deportes e Intervención aos efectos oportunos.”

Porto do Son, 15 de xuño de 2022.

O ALCALDE

Asdo. José Luis Oujo Pouso

2022/3676